



A C T A 17/2019

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 27 DE NOVEMBRO DE 2019 –

Na Casa do Concello, a vinte e sete de novembro de dous mil dezanove, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concilleiros/as:**

D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D.<sup>a</sup> María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

~~CONCELLO DE TEO~~  
~~Secretaría~~

D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey

D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal

D.<sup>a</sup> María Teresa Castro Framil

D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz

D.<sup>a</sup> Margarita Rosende Domínguez

D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D.<sup>a</sup> María Josefa Argibay da Silva

D. José Manuel Elías Noya

D. Manuel Anxo Fernández Baz

D.<sup>a</sup> Carmen Diéguez González

**Secretaria xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz

**Interventora:**

D.<sup>a</sup> Mónica I. Lado Varela

**ORDE DO DÍA:**

- 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 25.09.19, 09.10.19, 15.10.19 E 30.10.19
- 2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNNS DA ALCALDÍA (DA 842/19 Á 948/19)
- 3.- COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA DE MOBILIDADE, COMERCIO, TURISMO, EMPREGO E IGUALDADE
- 4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO PEF 2019- 2020
- 5.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A EMIGRACIÓN GALEGA
- 6.- MOCIÓNNS
- 7.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

CONCELLO DE TEO  
Secretaría

- 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 25.09.19, 09.10.19, 15.10.19 E 30.10.19.

Acta da sesión ordinaria do 25 de setembro de 2019

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as concelleiros/as se desexan formular alguma observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 25 de setembro de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.



Acta da sesión extraordinaria do 9 de outubro de 2019

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o 9 de outubro de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión extraordinaria do 15 de outubro de 2019

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o 15 de outubro de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria do 30 de outubro de 2019

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 30 de outubro de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

**2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNNS DA ALCALDÍA (DA 842/19 Á 948/19).**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 25 de outubro ata o 21 de novembro de 2019, que comprenden os números 842 ao 948, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

**3.- COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA DE MOBILIDADE, COMERCIO, TURISMO, EMPREGO E IGUALDADE.**

Co permiso da Presidencia, intervén a concelleira de mobilidade, comercio, turismo, emprego e igualdade quen sinala que non tendo recibido recibido para esta comparecencia preguntas concretas sobre o expediente relacionado co rexeitamento



da axuda para o proxecto “PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN ACTIVA DA POBOACIÓN RURAL TEENSE COA IGUALDADE” da convocatoria de axudas para actuacións a desenvolver polos gobernos locais asociados á FEMP dirixidas a facilitar a posta en marcha de accións para fomentar a transversalidade de xénero na planificación e desenvolvemento das políticas locais, con especial incidencia naquelas que favorezan o liderado feminino, a creación, reforzamento e desenvolvemento de unidades e estruturas de igualdade municipais, o empoderamento das mulleres no ámbito local e a posta en marcha e/ou o desenvolvemento de plans de igualdade no ámbito municipal”, procederá a facer un relato do acontecido, relato que ven acompañado cunha exposición de diapositivas que se proxectan na pantalla que hai no Salón de Pleno da Corporación.

A continuación recóllese a intervención da sra. Otero.

“A renuncia fundaméntase, e así se explica na carta remitida á entidade competente, nunha decisión política: a imposibilidade de executar o proxecto sen desvirtuar os obxectivos descritos no mesmo. A comunicación de renuncia da axuda ten data 12 de setembro de 2019 do rexistro de saída do Concello de Teo.

A continuación paso a describir cronoloxicamente as actuacións relacionadas co expediente:

Antes da miña chegada ao concello como responsable de igualdade, concretamente con data 15 de maio de 2019 do rexistro xeral de saída do Concello de Teo, envíase a solicitude de subvención cumplimentada cos seguintes datos:

~~CONCELLO DE TEO  
Nome da actuación, proxecto ou programa: “PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN ACTIVA DA POBOACIÓN RURAL TEENSE COA IGUALDADE”  
Secretaría~~

- *Datas de inicio e finalización do proxecto: 01/07/2019 a 30/10/2019*
- *Datas de inicio e finalización das actividades con cargo á axuda: 01/07/2019 a 30/10/2019*
- *Importe estimado para o desenvolvemento da actuación, proxecto ou programa: 18.306,58 euros*

- Cantidad solicitada en concepto de axuda no marco da presente convocatoria: 10.000 euros

- Aporte da corporación local: 5.560,593 euros

- Modalidade da axuda: Reforzo e desenvolvemento de estruturas municipais de igualdade xa creadas.

Referíndose ao CIM de Teo, que é unha estrutura municipal de igualdade xa creada, na propia solicitude describese a necesidade detectada, “os recursos humanos son moi limitados e derivan na imposibilidade de aumentar o deseño e desenvolvemento de campañas relacionadas co fomento da igualdade, más concretamente, actividades que dinamicen o rural teense, polo que se fai necesario reforzar o CIM do Concello de Teo mediante a contratación dunha axente de igualdade”.

Así mesmo, na solicitude defínese axente de igualdade: “É unha profesional que deseña, coordina, dinamiza, implementa, xestiona e avalia plans, programas, proxectos e campañas de acción positiva tendo en conta a igualdade de oportunidades e de xénero en diferentes ámbitos e escenarios profesionais. (...) A función principal do/a axente de igualdade é, polo tanto, a de impulsar o progreso e a expansión da igualdade de oportunidades e de xénero no ámbito rural”.

Describense os obxectivos do programa, dos que destaco:

- Facer visible o CIM (...)

- Crear dinámicas de encontro entre as mulleres

Crear conciencia na sociedade sobre as situacíons de desigualdade (...)

- Proporcionar espazos abertos ao encontro e ao diálogo, a través do ocio lúdico (...)

  
CONCELLO DE TEO  
Secretaría

Favorecer a aprendizaxe a través de experiencias das demais

- Fomentar o desenvolvemento de competencias socio emocionais das mulleres

- Proporcionar ás mulleres orientación básica que fomente a súa autoestima

- Adquirir unha visión crítica sobre os roles e estereotipos (...)

- Visibilizar e poñer en valor o papel e a aportación das mulleres na vida dos municipios da comarca rural

- Asegurar que as accións culturais de concellos locais acaten o principio de igualdade de xénero

Detállanse as actividades a desenvolver

- Talleres formativos presenciais para mellorar as habilidades sociais e reforzar a autoestima (...)
- Talleres de autoestima
- Puntos de información violeta (...)
- Deseño e xestión de programas de sensibilización, información e formación en materia de igualdade (...)
- Apoio e impulso da participación social e política das asociacións da zona e de persoas con dificultades especiais
- Talleres dirixidos ás directivas de ditas asociacións sobre a xestión das asociacións (elaborar actas, proxectos, acceso a redes sociais...)

#### E a metodoloxía

“Será participativa, que permita tarefas de reflexión e análise en equipos de traballo (...). Cada unha das accións terá unha metodoloxía individualizada pero sempre atendendo que o obxectivo é fomentar a mobilidade das mulleres e o seu empoderamento, dotándoa de ferramentas necesarias para iso”

A concesión da axuda comunicásenos con data de entrada no rexistro do Concello de TEO 9 de agosto de 2019, tendo 10 días para remitir aceptación ou renuncia.

  
CONCELLO DE TEO  
Secretaría  
Descoñecendo por completo o contido da subvención, que mesmo o persoal do CIM xa consideraba, dada a demora na contestación que non se nos outorgaría, solicitei xuntanza coa directora do CIM para que me explicase de que se trataba tal subvención. Sen achegarme o expediente, a directora do CIM so puxo en dúbida a idoneidade ou non de aceptala debido a que, descoñecía se as bases da convocatoria obligaban a unha contratación por un proceso selectivo de persoal ou se pola contra podería ser un contrato de servizos. Se o caso fose o primeiro, non poderíamos aceptala pois o

procedemento de contratación consumiría praticamente o período de execución do programa (data límite 30/10/2019). Tendo resolta a dúbida de procedemento e podendo realizar un contrato de servizos, o día 19/08/2019 enviamos a aceptación da subvención, momento no que o persoal do CIM comeza a solicitar orzamentos a diferentes empresas.

O día 29 de agosto de 2019 recibo correo electrónico da directora do CIM indicándome que o martes 3 de setembro de 2019 temos reunións con dúas empresas que enviaron proposta para a realización do proxecto.

Unha vez estudiados os contido das propostas, ningunha acada unha valoración positiva. Nun caso, claramente os contidos das actividades non se axustan á liña política defendida polo grupo político ao que represento, e así se lles transmite. No segundo caso, as estimacións de tempo de execución e a proposta económica non se axustan á realidade. Mais co ánimo de tentar obter unha proposta que se axuste a uns mínímos, decidimos dar un prazo ata o 5 de setembro de 2019 para que reelaboren as propostas axustando nun caso os contidos das actividades, período de execución e polo tanto orzamento (dado que o tempo de execución vese reducido a un mes e medio). E no outro o caso a período de execución e polo tanto orzamento.

Do mesmo xeito, e para asegurar unha proposta máis no caso de non acadar con estas revisións un resultado satisfactorio, pónome en contacto persoalmente cunha empresa máis. Empresa que no mes de xullo solicitou vía correo electrónico unha entrevista coa nova concelleira de igualdade para presentar os seus servizos. Despois de ter esa entrevista en xullo, trasladeille ao CIM unha copia dos exemplos de propostas de traballo desta empresa e o seu contacto para posibles colaboracións futuras. No caso desta convocatoria, o contacto desta empresa non se tivo en conta polas traballadoras do CIM.

  
**CONCELLO DE TEO**  
**Secretaria Xeral** O día 6 de setembro de 2019 comunícolles as responsables do CIM que agardo unha proposta da empresa coa que me puxen en contacto o día anterior co a finalidade, como digo, de ter unha posible alternativa se a revisión das dúas propostas estudiadas non conseguuen valoración positiva. Nese momento indican que estaría fóra dun suposto prazo de presentación. É evidente a non existencia de prazo de presentación ao non tratarse dun procedemento regulamentado, que o único que determinamos foi unha data para valorar as propostas coa finalidade de non alongarnos no tempo. Que



desestimasen propostas doutras empresas non ten argumentación posible, simplemente consideraron que debían facelo.

Nesa mesma xuntanza, e logo de valorar as propostas revisadas das empresas contactadas, as responsables do CIM manifestan que a nivel técnico a proposta que máis se lles adapta aos obxectivos da subvención é a que eu continúo a indicar que os contidos das actividades non se axustan á liña política defendida polo grupo político ao que pertenzo. Ante esta situación propoño agardar á proposta da terceira empresa.

O día 9 de setembro de 2019 recibo a proposta da terceira empresa indicando que se trata dunha proposta xenérica que se pode adaptar ás nosas necesidades e que nunha xuntanza presencial podemos acordar estratexias. Logo de valorala, considero a proposta que máis se achega á liña política de traballo a realizar pola concellería de igualdade da que teño a delegación.

Trasládolle ás responsables do CIM a proposta indicando que teño reunión con esta empresa o día 10 de setembro de 2019. Tendo reunión acordada coas responsables do CIM ese mesmo día ás 9:00 h, ningunha delas asiste á xuntanza posterior coa terceira empresa.

A empresa explica a proposta xenérica e perfilamos a que podería ser a que se adapte ás nosas necesidades, coa consecuente revisión de orzamento. Neste punto xorde a dúbida de se a non execución do importe total da axuda concedida tería consecuencias.

Para que se fagan unha idea, achego os importes dos orzamentos das empresas consultadas.

No mesmo día 10 de setembro de 2019 pónome en contacto co organismo que CONCELLO DE TEO concede a axuda e trasládanme dúas posibilidades:

Secretaría

- Executar o que consideremos e devolver o que non se utilice (con intereses de demora). Deixando constancia na memoria que debido á que a adxudicación tivo lugar xa no período de execución so se pudo levar a cabo unha parte do proxecto.

Ou

- Facer un escrito de rectificación e rexeitar a axuda



Non chegando a acordo na proposta a elixir, tomo a decisión de rexeitar a subvención ante a imposibilidade de execución sen desvirtuar os obxectivos descritos no proxecto”.

Sendo as vinte horas e dezaseis minutos remata a sra. Otero a súa intervención.

Intervén o portavoz do BNG, sr. Fernández quen sinala que como foi o PP o que solicitou a comparecencia deberían ser eles os que interveñan nun primeira instancia.

Intervén o concelleiro do PP, sr. Sánchez, quen agradece á sra. Otero a súa intervención e sinala que antes de facer as súas valoracións nunha segunda quenda, lles gustaría que se lle respondera a algunas cuestións que formula nos termos seguintes:

- .- Cales son eses obxectivos políticos aos que se referiu a sra. Otero que si cumpría a empresa da súa preferencia e que non cumplían as empresas restantes.
- .- Cales son os criterios técnicos, non os políticos, que lle fan á concelleira decantarse pola empresa da súa preferencia e non polas empresas que eran da preferencia dos técnicos do concello.
- .- Cales son as melloras que ofrece a empresa da súa preferencia fronte ás restantes.
- .- Polo tanto cales son as vantaxes, servizos, que ofrece esa entidade, para que o custo das actividades dupliquen en principio o doutras entidades.
- .- Das actividades que estaban detalladas na solicitude da subvención, cantas e canles quedaron sen executar.

O sr. alcalde sinala que se lle parece aos concelleiros/as lle da a palabra á sra. Otero para despois facer os turnos correspondentes.

  
**CONCELLO DE TEO**  
Secretaría

A sra. Otero sinala que, tratándose dos obxectivos políticos, teñen que ver con que a igualdade é unha cuestión transversal e as propostas das primeiras empresas sobre todo estaban dirixidas, que non está mal facelo, á poboación sobre todo feminina, ás mulleres do rural, porén eles consideran que a transversalidade desa igualdade tamén ten que dar cabida a un dos obxectivos, que é que na sociedade en xeral, non so nas mulleres, exista unha conciencia da igualdade. Sinala que tratándose de crear

dinámicas de encontro entre as mulleres, na terceira proposta había un xeito de traballo que é o de intentar crear rede entre a sociedade de Teo, algo que tamén foi unha das queixas que o persoal do CIM fixeron ao principio, cando eran as reunións organizativas de presentación dos primeiros meses, sinalando que dicían que podían organizar actividades porén non conseguían chegar a todos os ámbitos ou extractos da sociedade que quixeran, porque faltaba tecer esa rede no concello, e esta terceira opción traballaba nas actividades sobre todo intentando tecer esa rede facendo encontros sectoriais ou outro tipo de encontros que podían facer crear esas dinámicas de traballo colectivo.

Explica a sra. Otero que outro tema importante é que un dos obxectivos era facer visible o CIM, e a terceira proposta tiña unha campaña especificamente encamiñada a visibilizar o traballo do CIM e que toda a poboación teense coñecera cales son os servizos que se podan dar nese centro.

Sinala a sra. Otero que tratándose de máis cuestiós políticas hai que ter en conta que nese momento estaba pendente da aprobación polo Pleno do Plan de igualdade que tivera en teoría unha parte participativa, de recollida de datos, e logo tivo un período de exposición pública no que non tiveron a maneira de recoller as demandas da sociedade para o Plan de igualdade. Nesta terceira opción se facía unha campaña para dinamizar ou dar a coñecer ese plan de igualdade que vai a estar vixente os vindeiros catro anos.

Tratándose das cuestiós técnicas ás que se referiu o sr. Sánchez, a sra. Otero explica que non se trata de cuestiós que lle correspondera a ela decidir polo tanto non entra a valoralas. Explica que na medida en que non se levou a cabo o proxecto todas as actividades quedaron sen executar, porén das actividades propostas na solicitude si que xa estaban feitos polo CIM, que o fai xa dende fai moitos anos, os curso de autoestima, cuestión tamén pola que non se decantaba por unha das propostas, que tiña a proposta de facer actividades de distinto tipo, e considerou que moitas delas xa estaban cubertas polas que ofertaba o CIM e incluso outros servizos do Concello, como pode ser a área de servizos sociais. Salienta a sra. Otero que duplicar ese tipo de actividades non era conseguir un avance non que é a igualdade ou a dinamización das mulleres do rural teense.

Aclara o sr. alcalde que agora se iniciarán os turnos normais de intervención.



Intervén o portavoz do BNG, sr. Fernández, quen sinala que teñen pouco que decir e que se trata dunha cuestión política con dúas interpretacións diferentes. Como dixo a concelleira determinadas cuestións condicionan a aceptación da subvención e teñen que ver coa concepción da propia igualdade e como debe ser transmitida á sociedade, creando esas redes e facéndoo de maneira transversal. Sinala o sr. Fernández que o que si lle chocou foi esa renuncia á subvención, engadindo que así e todo e estando de acordo con estas cuestións políticas, ten que decir que nesta Corporación se teñen aprobado convenios e propostas e temas, incluso modificacións de ordenanzas, con aquela idea de que senón se podían perder subvencións ou non impedir entrar en repartos de subvencións ou programas da Xunta de Galicia ou da Deputación. Entende o sr. Fernández que cando se facían aquelas propostas tamén ían en contra da liña política do grupo ao que pertence o grupo de goberno, como por exemplo o convenio co Arcebispo, a modificación de ordenanza na que se bonificaba o IAE beneficiando ás grandes empresas.

O sr. Fernández di estar de acordo en que se os 10.000 € ían a condicionar un proxecto en contra da liña política que defende o goberno municipal entende que se optara por esa fórmula. Remata o sr. Fernández sinalando que hai que deixar ao PP que siga expoñendo a súa postura, porque el quiere saber algo más xa que, más alá dun tema político, descoñece onde está a infracción.

Intervén a portavoz do PSOE, sra. Lemus, quen di que efectivamente ela tamén ía por esa liña, engadindo que é verdade que se pode estar más ou menos de acordo con esa decisión de renuncia á subvención, porén tendo en conta que a subvención foi solicitada previamente á chegada da sra. Otero como concelleira, existe un elemento de que cada un ten unha liña política na súa área que ten que valorar e saber que facer con ela.

A sra. Lemus sinala que ten visto comparecencias por perdidas de subvencións, por razóns relacionada polos prazos, nas que podía existir unha certa culpa *in vigilando*, porén neste caso non cree que sexa motivo de escarnio nin nada parecido. Remata a sra. Lemus a súa intervención agradecendo as explicacións da sra. Otero e agardando ás valoracións do PP.



Intervén o concelleiro do PP, sr. Sánchez, que agradece a sra. Otero a explicación dos obxectivos políticos que lle levaron a tomar esa decisión, engadindo que incluso pode compartir algúns dos mesmos. Considera que renxe un pouco que todos e cada un deses obxectivos políticos non consten en ningún momento dentro da proposta de subvención, polo que renxe un pouco a argumentación política que fai a sra. Otero. Lamenta o sr. Sánchez que as actividade quedasen praticamente todas sen facer, engadindo que porén agora que Teo é un Concello rico e se poderían ter feito estas actividades con medio propios, por unha cuestión que tanto di o goberno municipal que lle preocupa, que é a igualdade, engadindo que a eles tamén lles preocupa.

Sinala o sr. Fernández que hai que facer un balance das datas porque son claves. Explica que o 15 de maio faise a solicitude, e o primeiro dato é que se trataba dun conxunto de actividades que ían a realizarse catro meses, ían ter unha custo de 18.300 euros, e a proposta da empresa de preferencia da concelleira propoñía facer un conxunto de actividades durante un mes e medio cun custo praticamente idéntico. O 9 de agosto faise a concesión, o día 19, segundo coñeceron por un escrito que rexistraron a directora e a avogada do CIM, as propias traballadoras do CIM empezan a facer as xestións coas empresas, o 3 de setembro teñen ese contacto con dúas empresas que manifestaron a súa vontade de realizar esa actividade.

Sendo as vinte horas e trinta minutos abandona o Salón de Plenos a interventora municipal D.<sup>a</sup> Mónica Lado Varela.

Sinala o sr. Sánchez que o 5 de setembro se dicía que se deixaba de admitir empresas, e existiu unha que pretendeu facer a súa proposta ese día 5, e se lle dixo que se puxera esa data de prazo e que non se lle ía a permitir presentar a súa proposta. Ao día seguinte a concelleira dixo que ela tiña unha proposta dunha nova empresa da que agardaba resposta, que chegou o día 10 de setembro. Ese mesmo día houbo unha xuntanza da concelleira coa empresa da súa preferencia e as traballadoras do CIM puxeron de manifesto que non consideraban xusto que isto ocorrera cando xa se tiña rexeitado unha empresa por non presentarse en prazo a proposta. Sinala o sr. Sánchez que o balance neste intre é: empresa A, cunha proposta de 11.600 €, empresa B, 8.900 € e empresa C, da preferencia da concelleira, 17.900 €. Pregunta o sr. Sánchez que motivo xustifica que unhas actividades que se ían a desenvolver en



catro meses custasen 18.300 €, e que unhas actividades que, no mellor dos casos, se realizarán en mes e medio custasen 17.900 €.

Considera o sr. Sánchez que agora veñen as datas claves e probablemente as respostas ao sr. Fernández Baz. O 10 de setembro, segundo consta no expediente do concello, a concelleira confirma por escrito que vai facer a actividade. O día 11 de setembro a directora a e avogada do CIM poñen en coñecemento por escrito, nun documento rexistrado, todo o que acaba de comentar.

Ao día seguinte, casualidade ou non, o sr. alcalde redacta un escrito dicindo que renuncia á subvención. Pregunta o sr. Sánchez porque motivo corenta e oito horas despois de que a concelleira dixerá, por escrito, que ía adiante coa actividade o alcalde renuncia á actividade.

Sinala o sr. Sánchez que o único que lle consta que pasou neste tempo é o escrito das traballadoras do CIM, polo tanto branco e en botella. Sinala o sr. Sánchez que ese é o balance do PP, un balance no que non se comete nada que este fora do legal, porén deixase ver ás claras cales eran as intencions iniciais, engadindo que o texto do 11 de setembro plasma unha situación moi comprometida para a concelleira e que a deixa nunha delicada situación.

O sr. alcalde sinala que, como Son de Teo, vai a fixar posicionamento. Aclara que non é que o alcalde renuncie, senón que quen renuncia é a concelleira, porén ao igual que o alcalde asina a solicitude o alcalde asina a renuncia. Sinala que a alcaldía ten delegada unhas funcións que son as que ten a sra. Otero, que é quen tomou as decisións. Explica o sr. alcalde que se está un pouco a xogar, como non hai nada, a ver se se se atopa algo de que había intención de que fora ilegal. Considera que hai tres ou catro puntos claves. Sinala que o primeiro é o tipo de convocatoria, xa que era para facer unha actividade de catro meses e realmente o máximo que se podería ter desa actividade era dous meses, polo que non parece que a convocatoria estivera moi ben feita, e dadas as circunstancias non parece moi lóxico e non se lles debe recriminar por renunciar a algo que non era plenamente practicable. Salienta o sr. alcalde que claro que está a orientación política, porque os cidadás que lles votan tamén lle piden un posicionamento claro en relación co tema da igualdade, que non é o mesmo que o do PP. Sinala que investir áinda que sexan 20.000 euros para facer cursillos de cestería,



de flores, etc, que levan facendo as asociacións non sei canto tempo, non lles parecen ben, e hai que dicilo con todas as letras. A concelleira considera que con ese cartos se deben facer outras cousas. Salienta o sr. alcalde que non se pode esquecer que se trata dunha subvención de 18.000 euros, dos que 8.000 os aporta o Concello, polo tanto non estamos nunha subvención do 80 % ou 90 % senón que a aportación municipal é moi importante, e isto tamén tivo que ver na toma de decisións.

Considera o sr. alcalde que o que ten que facer un departamento técnico é desenvolver e vehiculizar o programa deseñado politicamente e se hai algo que se considera ilegal, denuncialo, pero que sexa ilegal. Salienta que a realidade é que nos atopamos ante un contrato menor, que non ten nin prazos de presentación, nin mesa de contratación, nin nada, áinda que haberá que xustificar outra serie de cousas, pero precisamente das cousas que parecen intuírse dese escrito ningunha. Salienta o sr. alcalde que se trataba dunha subvención que estaba collida polos pelos e por enriba se se ten en conta que iso xera unha serie de problemas de transgresión, porque tampouco se pode esquecer que quen ten que desenvolver o proxecto en si son as persoas técnicas do departamento e se estas non comparten e expresan a súa opinión en contra, parece valorable que a concelleira decida non facelo.

A sra. Otero sinala que a transversalidade vai no título do programa, engadindo que o feito de que a igualdade é transversal está implícito nela. Aclara que os orzamentos presentados das propostas, da que di o sr. Sánchez que é da súa preferencia, marcou un orzamento de 17.900 €, quitando os temas do IRPF, na primeira proposta, na que se supoñía que o proxecto estaba valorado en 18.000 €, e fixo está proposta, xenérica, e a partir de aí se especificaría e se adaptarían os prazos e as actividades.

Curiosamente as outras dúas propostas comenzaron en orzamentos bastante menores e cando se lles pide que fagan unha revisión aparecen todas con orzamentos superiores.

Remata a sra. Otero a súa intervención sinalando que neste caso a cuestión económica non é fundamental.

Aberta a segunda quenda de intervencións o sr. Fernández refirese a esa diferente concepción da igualdade que existe e que se vía fai pouco no Parlamento, por exemplo cando o sr. Feijóo falaba de “*as nosas mulleres*”, polo que se trata dunha forma diferente de ver o problema. Considera que se trata dunha cuestión política e pregunta



onde se atopa a infracción. O sr. Fernández di que entende que o informe das técnicas valorarían os proxectos por cuestiós técnicas, non por cuestiós políticas, porque se fixeron isto último, pode ser que e por iso se está falando hoxe dixo, e sería un informe que en todo caso non sería nin preceptivo nin vinculante e nese caso a decisión correspondería á concelleira e terá que asinar o sr. alcalde, porque é quen asina no Concello. Sinala o sr. Fernández que non acaban de ver o problema nesta cuestión e que non teñan nada máis que engadir.

A sra. Lemus non fai uso da súa quenda de intervención.

O sr. Sánchez sinala que non lle cabía ningunha dúbida de que ante unha axuda proposta por un goberno socialista e unha subvención solicitada polo goberno de Son de Teo ao final de todo isto a culpa a tería o sr. Feijoo.

Considera o sr. Sánchez que hai que concluír que se presentou unha solicitude para unha subvención coa que non se concordaba cos seus criterios políticos, non entendendo porque entón se solicitou. Di o sr. Sánchez que non acaba de entender porque o sr. alcalde se puxo tan nervioso, cunha resposta airada e en parte fora de ton, cando citou que fora o sr. alcalde o que fixera a renuncia.

Sinala o sr. Sánchez que entende que desde o goberno creen que é importante facer isto pero doutro xeito, con outros criterios políticos, con outros principios políticos, con outras obxectivos políticos, con outro tipo de actividades políticas, porén o balance é que hoxe, a 27 de novembro, a propia concelleira dixo que destas actividades non se fixer ningunha, e iso que Teo un concello rico e preocupado pola igualdade. Das comparecencias quedoule unha cousa clara e que se así o sr. alcalde así o farán e pedirán a comparecencia do sr. alcalde para o próximo Pleno.

Dirixíndose á sra. Otero, o sr. Sánchez dille que segue pensando o mesmo, e considera indefendible e non quedou respondido porque unha empresa que se sabía previamente que ía facer unha execución durante un mes e medio propoñía un orzamento para unha actividade idéntica para catro meses. Remata o sra. Sánchez a súa intervención sinalando que o único que lle quedou claro é que tanto querían cambiar, tanto eran a política do cambio que o que acaban de expoñer é que o que más cambiaron son os seus propios principios.



O sr. alcalde sinala que xa se coñecen e xa saben que para isto e para todo é un pouco vehemente. Recoñece que lle molesta que se deixe entrever co tema da sinatura que iso implicaba unha desautorización, porque non é así, senón que esa forma de proceder é igual en todos os casos, engadindo que se ten que comparecer, comparece, porén a responsabilidade na toma de decisión foi da concelleira.

A sra. Otero sinala que, para que no quede dúbida sobre se estaban ou non respondidas as preguntas formuladas, hai que aclarar que as actividades no estaban executadas, porén o taller de autoestima tivo lugar no último trimestre, en setembro, de 2019, porque era unha actividade que se viña desenvolvendo polo CIM dende fai anos, segue habendo talleres formativos presenciais no CIM, existindo dous cursos de autodefensa, deseño e xestión de programas en materia de igualdade, houbo dous cursos de autodefensa, deseño e xestión de programas en materia de igualdade e oportunidade de xénero, para diferentes públicos e obxectivos, están en parte está realizada todos os anos co colectivo educativo, e se seguirá traballando con outros colectivos, p contacto xa con todas as asociación estanse facendo.

Salienta a sra. Otero que seguirán traballando en propostas futuras, con subvención ou sen ela.

#### **4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO PEF 2019- 2020.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 14 de novembro de 2019, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, que asume as funcións da Comisión especial de contas de 21 de novembro de 2019.

~~CONCELLO DE TEO~~  
Secretaría

##### **"PROPOSTA DA ALCALDÍA**

##### **ASUNTO. CORRECCIÓN ERRO MATERIAL PEF 2019 2020**

Téndose aprobado polo Pleno do concello en sesión extraordinaria de data 09/10/2019 o PEF para o período 2019 2020 por incumprimento da estabilidade orzamentaria e regla de gasto.



Considerando que dito PEF debe ser cargado na correspondente plataforma da Oficina Virtual das Entidades Locais.

E, considerando que, segundo o informe de intervención de data 12/11/2019, se detectaron certos errores materiais no PEF aprobado polo Pleno, que deben ser corregidos antes de que os datos se volquen na citada plataforma.

PROPOÑO, ao Pleno da Corporación ,previo dictame da Comisión de Facenda e Asuntos Económicos, a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro**.-Corregir os errores materiales existentes no PEF 2019-2020 que foi aprobado polo Pleno en sesión de data 09/10/2019 de xeito que os datos correctos son os que se amosan nas táboas anexas a esta proposta, isto é, que se corrixe o apartado 1.2 Causas, diagnóstico e previsión tendencial na regla de gasto, e o apartado 3.2 Conclusion e obxectivo, regla de gasto.

**Segundo**.-Dar conta do presente Acordo á Comisión Nacional de Administración Local así como á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Facenda.

**Terceiro**.- Efectuar a comunicación telemática en cumplimiento das obligaciones contempladas na ORDE HAP/2015/2012, de 1 de outubro.

Teo, 14 de novembro de 2019.

O alcalde

Rafael Sisto Edreira"

~~CONCELLO DE TEO  
Secretaría~~



**1.-CAUSAS, DIAGNOSTICO Y PREVISION TENDENCIAL**

**1.2.-Regla de Gasto**

Entidad		Ejercicio 2018			
Código	Denominación	Tasa referencia 2017	aumentos y disminuciones	límite regla de gasto según PEF vigente en 2018	gasto computable liquidación 2018
11-15-082-AA-000	Teo	10.404.278,56	0,024	0,00	11.709.461,75

Entidad		Ejercicio 2019			
Código	Denominación	Tasa referencia 2018	aumentos y disminuciones	límite regla de gasto	gasto computable ejercicio 2019 (previsión)
11-15-082-AA-000	Teo	11.709.461,75	0,027	0,00	12.025.617,22

  

Entidad		Ejercicio 2020			
Código	Denominación	Tasa referencia 2019	aumentos y disminuciones	límite regla de gasto	gasto computable liquidación 2020
11-15-082-AA-000	Teo	12.025.617,22	0,028	0,00	12.362.334,50

Para el cálculo de la tasa de referencia se han aplicado los coeficientes de la regla de gasto aprobados por el Consello de Ministros:

Ej. 2018 2,40%  
 Ej. 2019 2,70%  
 Ej. 2020 2,80%  
 Base gasto computable liquidación anterior = gasto computable liquidación anterior - IFS  
 IFS= Inversiones financieramente sostenibles.  
 Tasa de referencia= Gasto computable

Límite regla de gasto= Tasa referencia- aumentos y disminuciones.

Complimiento regla de gasto= límite regla de gasto computable liquidación.

3.-CONCLUSIÓN Y OBJETIVO

3.2.-Regla de gasto

Ejercicio 2019

Código	Denominación	cumplimiento/ incumplimiento regla gasto previo	efecto medidas	cumplimiento/ incumplimiento regla gasto PEF
11-15-082-AA-000	Teo	- 572.670,79	- 588.132,90	,0

Ejercicio 2020

Código	Denominación	cumplimiento/ incumplimiento regla gasto previo	efecto medidas	cumplimiento/ incumplimiento regla gasto PEF
11-15-082-AA-000	Teo	cumplimiento regla gasto	0	0

Efecto medidas= Total de las medidas sobre empleo no financieras  
 Cumplimiento / incumplimiento regla gasto PEF = Cumplimiento / incumplimiento regla gasto previo + efecto medidas

El total del cumplimiento/incumplimiento de la regla de gasto de la Corporación debe tener un valor positivo para el ejercicio de aprobación del PEF  
 El total del cumplimiento/incumplimiento de la regla de gasto de la Corporación debe tener un valor positivo para el ejercicio siguiente al día aprobación del PEF

**CONCELLO DE TEO**  
Secretaría  
*[Handwritten signature]*

O sr. alcalde explica que o erro ben do cálculo do gasto computable para o ano 2019, que figuraba como 12.513.163,18 €, cando a cifra correcta sería 12.025.617,22. Explica que o erro veu de cando se fixo a redución dos créditos non dispoñibles e non se trasladou ao cálculo da regra de gasto, engadindo que tampouco interesa moito baixar o gasto computable, xa que será o que determine a regra de gasto do vindeiro ano.

Aberta a quenda de intervencións, portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso da mesma.

**Non abríndose debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (4 Son de Teo e 4 PSdeG-PSOE) e nove abstencións (7 PP e 2 BNG), acorda:**

**Primeiro.- Correxir os errores materiais existentes no PEF 2019-2020 que foi aprobado polo Pleno en sesión de data 09/10/2019 de xeito que os datos correctos son os que se amosan nas táboas anexas a esta proposta, isto e, que se corrixe o apartado 1.2 Causas, diagnostico e previsión tendencial na regla de gasto, e o apartado 3.2 Conclusion e obxetivo, regla de gasto.**

**Segundo.- Dar conta do presente Acordo á Comision Nacional de Administración Local así como á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Facenda.**

**Terceiro.- Efecturar a comunicación telemática en cumprimento das obrigas contempladas na ORDE HAP/2015/2012, de 1 de outubro.**



**1.-CAUSAS, DIAGNÓSTICO Y PREVISIÓN TENDENCIAL**

**1.2.-Regla de Gasto**

Entidad		Ejercicio 2018			
Código	Denominación	Tasa referencia 2017	aumentos y disminuciones	límite regla de gasto según PEF vigente en 2018	gasto computable liquidación 2018
11-15-032-AA-000	Teo	10.404.279,56	0,024	0,00	11.709.461,75

Entidad		Ejercicio 2019			
Código	Denominación	Tasa referencia 2018	aumentos y disminuciones	límite regla de gasto	gasto computable ejercicio 2019 (prevision)
11-15-032-AA-000	Teo	11.709.461,75	0,027	0,00	12.025.617,22

Entidad		Ejercicio 2020			
Código	Denominación	Tasa referencia 2019	aumentos y disminuciones	límite regla de gasto	gasto computable liquidación 2020
11-15-032-AA-000	Teo	12.025.617,22	0,028	0,00	12.362.334,50

Para el cálculo de la tasa de referencia se han aplicado los coeficientes de la regla de gasto aprobados por el Consejo de Ministros.

Ej. 2018 2,40% Base gasto computable liquidación anterior = gasto computable liquidación anterior - IFS

Ej. 2019 2,70% IFS= Inversiones financieramente sostenibles

Ej. 2020 2,80% Tasa de referencia= Gasto compu

Límite regla de gasto= Tasa referencia- aumentos y disminuciones.

Cumplimiento regla de gasto= límite regla de gasto-gasto computable liquidación



~~CONCELLO DE TEO~~  
Secretaría

3.-CONCLUSION Y OBJETIVO

3.2.-Regla de gasto

Ejercicio 2019

Código	Denominación	cumplimiento/ incumplimiento regla gasto previo	efecto medidas	cumplimiento/ incumplimiento regla gasto PEF
11-15-082-AA-000	Teo	- 572.670,79	- 568.132,90	,0

Ejercicio 2020

Código	Denominación	cumplimiento/ incumplimiento regla gasto previo	efecto medidas	cumplimiento/ incumplimiento regla gasto PEF
11-15-082-AA-000	Teo	cumplimiento regla gasto	0	0

Efecto medidas= Total de las medidas sobre empleos no financieros

Cumplimiento / incumplimiento regla gasto PEF = Cumplimiento / incumplimiento regla gasto previo+ efecto medidas

El total del cumplimiento/incumplimiento de la regla de gasto de la Corporación debe tener un valor positivo para el ejercicio siguiente al de aprobación del PEF



Sendo as vinte horas e cincuenta e tres minutos, auséntase do Salón de Plenos o concelleiro do PP, D. José M. Guerra Calvelo, que se incorpora pasados dous minutos.

## 5.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A EMIGRACIÓN GALEGA.

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Manuel A. Fernández Baz.

O sr. Fernández da conta da moción do seu grupo de 14 de novembro de 2019 (rex. entrada nº 7768), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 21 de novembro de 2019.

“O Grupo municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O colectivo Vía Galega rexistrou no Concello de Teo o 24 de outubro a seguinte proposta de moción:



“Este vaise i aquel vaise,  
e todos, todos se van.  
Galicia, sin homes quedas  
que te poidan traballar.  
Tés, en cambio, orfos e orfas  
e campos de soledad,  
e nais que non teñen fillos  
e fillos que non ten país.  
E tés corazóns que sufren  
longas ausencias mortás,  
viudas de vivos e mortos  
que ninguén consolará.

No poema *Pra a Habana!*, a nosa poeta, Rosalía de Castro, plasmou con especial sensibilidade o drama da emigración. Un drama non só persoal, senón tamén social e nacional. A emigración provoca desarraigamento, familias rotas e conduce tamén á desertización económica e á perda de horizonte de futuro dun país.

156 anos despois da publicación de *Cantares Gallegos* este drama dista moito de ser unha triste lembranza do noso pasado. Segundo datos do *Instituto Galego de Estatística*, nos últimos 10

anos (2008-2017 –últimos datos dispoñibeis-) emigraron de Galiza 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, idades nas que se concentran a maior parte das persoas demandantes de emprego.

Nese período 79.529 persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 29 anos abandonaron o noso país. Mozas e mozos que ante a falta de perspectivas de realización persoal e laboral tiveron que coller a maleta para se gañar a vida fóra. Unha sangría para unha sociedade que criou e formou a unha xeración para que o seu coñecemento e o seu traballo contribúa ao progreso doutras sociedades en vez de reverter no país.

A emigración mesmo está a poñer en perigo a propia viabilidade de Galiza. O impacto da emigración é evidente no noso devalo demográfico e no avellentamento da poboación.

A poboación activa de Galiza (persoas entre 16 e 65 anos que están traballando ou buscan emprego) representa menos da metade da poboación total.

Na época na que Rosalía escribiu *Pra a Habana!* a poboación de Galiza representaba o 11,5% da poboación total do Estado español e a súa densidade de poboación duplicaba a media estatal. En 1900 a porcentaxe descendera ao 10,64%. En 1950 situábase no 9,26% e en 2018 era só do 5,74%. É dicir, o peso relativo da poboación de Galiza no Estado español reduciuse á metade e en 2018 a nosa densidade de poboación situouse por vez primeira por baixo da media.

Algúns xa denominan a esta realidade “a Galiza minguiante” e se non lle poñemos remedio a esta sangría poboacional, significará a morte a medio prazo de Galiza como ente colectivo.

  
ONCELLO DE TEO  
Secretaría  
A condición periférica e subordinada da nosa economía, a destrución de parte importante da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da conciliación están na base do devalo demográfico do país e o aumento da emigración.

Por todo o devandito o Pleno do Concello adopta os seguintes acordos:

-Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emergencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

-Instar ao Parlamento de Galiza a constituir no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.

-Deben ser eixos destas políticas:

- A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.

- A creación de emprego digno e de calidade.

- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

-O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratégicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogandeiro, forestal , marítimo-pesqueiro , enerxético e das TIC.”

Por todo isto, o Grupo municipal do BNG fai súas as demandas presentadas por Vía Galega e solicita do Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

  
-Instar ao Parlamento galego a que, a través dunha resolución, tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emergencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

  
CONCELLO DE TEO  
Secretaría  
-Instar ao Parlamento de Galiza a constituir no seu seo unha ponencia, ou comisión de estudio, sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.

-Deben ser eixos destas políticas:

- A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.
- A creación de emprego digno e de calidade.



- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.
- O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratégicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogandeiro, forestal , marítimo-pesqueiro , enerxético e das TIC”.

O portavoz do BNG, sr. Fernández, sinala que este é o texto proposto por Vía Galega, que tamén foi presentado no Parlamento de Galicia.

Aberta a quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, amosa o seu apoio

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal.

A sra. Nariño di que vai comezar expoñendo as razóns polas que o seu grupo se vai a abster, con independencia de entender que a emigración é unha problemática existente. Explica que vai a expoñer os datos actualizados, xa que na moción do BNG que presenta o BNG non é así.

Sinala que nos anos aos que se fai referencia na moción, entre o 2008 e 2017, o saldo migratorio do exterior que aporta o Instituto galego de estatística é positivo en 45.031 persoas, é dicir neste período Galicia recibiu máis persoas das que saíron. En concreto, se se comparan os datos da emigración externa que se recollen na moción nas franxas de 16 a 54 anos coas entradas do exterior o dato é positivo en 16.828 persoas. O mesmo se podería dicir n relación coas franxas de idade de 16 a 34 anos na que o saldo sería positivo en 9.848 persoas.

Sinala a sra. Nariño que se se fai referencia ao saldo do último ano o fluxo migratorio en Galicia foi positivo en máis de 13.000 persoas.

Salienta a sra. Nariño que isto no exime de que, eles, como grupo, entenden que se debe seguir traballando con respecto a políticas de emigración que favoreza que a



xente non teña que emigrar entenden que é algo positivo. Considera a sra. Nariño que o regreso de galegos a Galiza, medrou por quinto ano consecutivo. Sinala que hai que seguir traballando, xa que se trata dun eido que non se pode esquecer e o motivo da súa abstención e porque non concordan cos datos recollidos na moción.

O sr. alcalde lle cede á palabra á concelleira do seu grupo, D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero, quen sinala que comparten a moción por iso a van a apoiar anuncia o apoio do seu grupo.

O sr. Fernández sinala que a da vía galega de do Instituto Galego. Explica que cando fala de fluxo de emigración falan de número de persoas, porén se o miramos por idades vese realmente o dramático. Sinala que claro que veñen persoas, os xubilados, que teñen que volver, porén no pais agora hai 208.747 persoas que teñen entre 20 e 39 anos, e é dramático, polo menos para o seu grupo, aínda que descoñece se o será para o PP.

A sra. Nariño sinala que en ningún momento dixo que non o fora.

Sinala o sr. Fernández que, como todos coñecen, quen está emigrando é a xente nova, preparada e formada. O que non se pode negar é que, cando todos os anos se fala da batalla de Cacheiras e comentan que pasou sempre se refire ao peso demográfico que tiña Galicia no Estado español, que superaba o 12 % da poboación do Estado, e aquela revolución é unha reacción ante unhas decisións tomadas dende Madrid e que ten consecuencias na poboación. E despois tivo consecuencias en que a xente tivo que emigrar. Salienta o sr. Fernández que Galicia tivo unha perda demográfica terrible, en 156 anos. É verdade que nos últimos cinco anos Galicia tivo un fluxo positivo, porén se se mira por idade se ve a gravidade do problema. Sinala o sr. Fernández que a noticia que saía o este día no xornal, daba unha información que evidenciaba o gran problema que hai no noso país, en relación coa poboación activa, e se falamos de fluxo positivo este non está beneficiando á recuperación demográfica. Considera o sr. Fernández que esta moción é moi importante así como todo o que se faga para rematar co problema que xera a emigración, porque a emigración realmente é unha consecuencia de, dunha que situación económica, dunha economía subdesenvolta, no senso de que ten moito potencial, e que non está sendo aproveitada na maneira en que debía de ser



aproveitado, para evitar que ese problema e esa consecuencia, que é a emigración, siga avanzando.

A sra. Nariño di que comparten que é algo tráxico e lembra que no seu momento se perdeu unha subvención de emprendemento e o emprendemento é algo importante que debe existir para que a xente non emigre, polo que van a ter que empezar a tomar todos notas e empezar a cambiar políticas, ou non sabe o que, con independencia de todo o demais. A sra. Nariño sinala que concorda con moitos das cousas que sinala a sr. Fernández, porén quería expoñer os datos reais.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda:**

- Instar ao Parlamento galego a que, a través dunha resolución, tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

- Instar ao Parlamento de Galiza a constituir no seu seo unha ponencia, ou comisión de estudio, sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.



- Deben ser eixos destas políticas:

- A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrad, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.
- A creación de emprego digno e de calidade.
- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.



- O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratégicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogandeiro, forestal , marítimo-pesqueiro , enerxético e das TIC.

## 6.- MOCIÓNNS.

Antes de entrar no punto séptimo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, sinala que se vai a presentar unha moción conjunta dos catro grupos municipais, de 26 de novembro, solicitando á Deputación Provincial a ampliación do período voluntario de cobro do IBI ata o 24 de decembro e a non aplicación de recargos por demora ata esa data.

O sr. alcalde sinala que a urxencia da moción está relaciona cos prazos que se estipulan nela para poder ampliar o prazo da recadación voluntaria.

**Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción conjunta dos catro grupo municipais, de 26 de novembro, solicitando á Deputación Provincial a ampliación do período voluntario de cobro do IBI ata o 24 de decembro e a non aplicación de recargos por demora ata esa data.**

O sr. alcalde sinala que Catastro fixo unha desfeita. O feito de valorar o solo que antes non se valorar e modificar e cambiar as referencias catastrais, dou lugar a que a xente que o tiña domiciliado non se percata, pensando que lle chegaría o recibo á libreta e non lle chegou e agora está fora de prazo.

O sr. alcalde da conta a moción conjunta dos catros grupos municipais, de 26 de novembro de 2019, que se recolle a continuación, solicitando á Deputación Provincial a ampliación do período voluntario de cobro do IBI ata o 24 de decembro e a non aplicación de recargos por demora ata esa data.

## **“MOCIÓN DE URXENCIA”**

**Presentada polos grupos municipais SONdeTEO, PsdG-PSOE, PP de G e BNG**

**Solicitando á Deputación provincial a ampliación do período voluntario de cobro do IBI ata o 24 de decembro e a non aplicación de recargos por demora ata esa data**

*A aplicación da nova Ponencia de valores elaborada pola Xerencia Territorial do Catastro no ano 2018, provocou o cambio de varias referencias catastrais ao incorporar o valor do solo en moitas das edificacións existentes.*

*Moitas das persoas afectadas por estas modificacións que tiñan domiciliado o recibo do IBI, non se decataron que, ao modificarse a referencia catastral, o recibo do IBI xa non se podía cursar a través da domiciliación bancaria, polo que o recibo quedou sen pagar orixinando, ademais, un recargo por demora.*

*Considerando que, as persoas que tiñan domiciliado o recibo e non recibiron o cargo bancario, non tiñan intención de desatender ás súas obrigas fiscais, propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte*

### **ACORDO**

***Solicitar á Deputación provincial que amplíe o prazo de recadación voluntaria do IBI correspondente a 2019 ata o 24 de decembro de 2019 e que non proceda a aplicar recargos por demora ata esa data.***

*Teo, 26 de novembro de 2019”*

  
**Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, e a portavoz do PSdeG-PSOE, non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.**

**Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz.**

A sra. Calvo di que van a apoiar a moción porque lles parece xusto para os veciños. Sinala que lles gustaría dicir que o seu grupo está sempre cos veciños, engadindo que estes non teñen culpa desta situación. Pregunta a sra. Calvo que actuacións se van a levar a cabo para que os veciños estean informados, porque se vai para diante a moción e os veciños seguen sen están informados non vale de nada.

O sr. alcalde sinala que se fará difusión por bandos nas aldeas, acudindo tamén aos mecanismos de difusión nos bares, nas marquesinas, etc. Sinala que así mesmo tamén se pode facer unha nota de prensa, engadindo que todo o que se poida facer ser fará. O sr.. alcalde sinala que tamén é certo que a xente deixa pasar os dous meses, se confía de que vai a vir, e cando non chega o último día e cando veñen polo Concello.

A sra. Calvo refírese á posibilidade de enviar unha carta aos domicilios e pregunta porque non se comunicou ata o de agora, porque así se podería ter evitado.

O sr. alcalde sinala que non tiñan constancia de que os cambios da referencia catastral afectaran a tanta xente e tampouco se pensaba que iso ía a repercutir nas domiciliacións, pero nin o Concello nin Catastro. Explica que Catastro si notifica, pero o que notifica son as alteracións, pero non notifica que se o tes domiciliado tes que modificalo, ea xente non deduce que iso lle vai a afectar na domiciliación. O sr. alcalde sinala que eles tampouco eran conscientes de a canta xente lle ía a afectar.

A sra. Calvo sinala que aínda que afectara a pouca xente se tería que ter tomado a iniciativa.

O sr. alcalde explica que a situación xurde cando termina a voluntaria, cando a xente empeza a chegar ao Concello a expoñer o problema, e ata que chega ese momento non se toma conciencia da magnitud do problema, sen esquecer que o Concello non é a encarga da recadación.

A sra. Calvo sinala que quizais existiu un pouco de desidia por parte da Deputación e do Concello.

A sra. Lemus sinala que se trata dunha situación que Catastro non valorou, non valorou que ao cambiar a referencia catastral o banco ía a rexentalas. Sinala que o problema xurde a partir do 20 de novembro, cando acaba o prazo, e a xente se da conta de que non pagou o IBI.



O sr. alcalde explica que parece que o recibo leva dúas claves, unha de identificación e outra a referencia catastral e non se sabe se o banco considera que non é o mesmo recibo, aínda que veña a mesma persoa, se a referencia catastral cambia. Aclara o sr. alcalde sinala que depende do sistema informático do banco que lle rexeita automaticamente o recibo se non coincide a referencia catastral.

A sra. Calvo sinala que agora xa se sabe polo tanto é responsabilidade do Concello avisar á xente.

O sr. alcalde sinala que agora mesmo o primeiro que hai que conseguir é que a Deputación valide isto ou de unha fórmula alternativa para corrixilo, e unha vez que así sexa difundilo.

Non habendo más intervencións, o sr. alcalde sinala que se vai a proceder a someter a votación a moción conjunta, de todos os grupos políticos, que se acaba de tratar.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda Solicitar á Deputación provincial que amplíe o prazo de recadación voluntaria do IBI correspondente a 2019 ata o 24 de decembro de 2019 e que non proceda a aplicar recargos por demora ata esa data.**

Preguntado polo sr. alcalde se hai algunha moción de urxencia máis, a concelleira do PP, D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey sinala que eles teñen unha moción, relativa ás reclamacións dos comerciantes teenses.

  
**CONCELLO DE TEO  
Secretaría Xeral**  
O sr. alcalde pregunta se as reclamacións dos comerciantes levan implícitas cuestións económicas, engadindo que de ser o caso os/as concelleiros/as teñen que lembrar que so se pode instar ao goberno non se pode acordar directamente en Pleno calquera cuestión que leve implícitas modificacións económicas.

O sr. Sánchez sinala que haberá que falar con eles.



A sra. Calvo sinala que teñen un impacto.

O sr. alcalde sinala que se ten impacto non se pode votar.

Co permiso da presidencia, interveño eu, secretaria da Corporación, para sinalar que, con carácter xeral, as mociones que supoñan a adopción de compromisos económicos teñen que ser previamente fiscalizados polo departamento de intervención, sen esquecer que cando se propón a adopción dun acordo debe estar claro, de cara á votación, que é o que se somete a votación, algo que non parece acontecer neste caso, cando se propón apoiar as reclamacións dos comerciantes, sen especificar cales son tales reclamacións.

A sra. Vázquez sinala que no acordo a maior demanda que teñen é a colocación de adornos e luces de nadal.

O sr. alcalde propóndelle ao grupo municipal do PP que, ante a imposibilidade de tratarlo como moción, que o plantexen en rogos e preguntas, aínda que non se someterá a votación.

  
Os/as concelleiros/as do PP sinalan que o plantexaran en rogos e preguntas.

CONCELLO DE TEO

Secretaría

## 7.- ROGOS E PREGUNTAS.

### ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

O/a concelleiro/a do BNG, formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Fernández rógallo ao goberno municipal que respecta a ordenanza municipal para o impulso social de lingua galega en Teo. Sinala que fala do San Martiño e dos letreiros que se puxeron que estaban en perfecto castelán.

Ante a pregunta do sr. alcalde, resposta o sr. Fernández que se está referindo aos indicadores da policía local.

O sr. Fernández refírese ao artigo 2 da ordenanza salientando que se aproba unha ordenanza a terán que cumplir.



2.- O sr. Fernández, dirixíndose ao sr. Elías, sinala que hai unha fochanca en Mouromorto a altura do número 70 que aínda é bastante comensurable pero vai camiño de non selo polo que, aínda que sabe que por alí vai a existir unha actuación, habería que recheala.

3.- O sr. Fernández sinala que ten un rogo relacionado coa recollida de animais no Concello de Teo. Explica que o día de San Martiño, dende o Raxó, chamouse a Protección Civil e estes respondieron que xa irían noutro momento, concretamente ao día seguinte. Os veciños chaman ao 112 e este chama á Policía Local, que chega alí, porén quen ten que recoller o can son os veciños. Sinala o sr. Fernández que iso pasou a principios deste mes e evidencia que existe un problema coa recollida de animais, engadindo que este é un caso porén lle contaron máis. Sinala que sabe que o está facendo Protección Civil, porén non sabe se terán a formación axeitada, aínda que cando o fan intentan facelo o mellor posible, porén debe existir un servizo de recollida con todas as garantía e que actúe, porque realmente un animal solto é un problema para o animal e para as persoas, porque pode xerar un accidente.

Sinala o sr. Fernández que non sabe se se podería incrementar o convenio de Bando para que o laceiro de Compostela veña a Teo, porque parece que está funcionando ben e incluso este servizo de lacería ten refuxio propio. Considera que é importante afrontar este problema con urxencia porque son moitos os casos que se dan.

A Sra. Lemus sinala que se valorará.

O sr. alcalde sinala que, con independencia de que ese día se producise esa situación en relación co servizo de Protección Civil, ao ser o San Martiño, non está existindo un problema real con iso, no senso de que se están levando trinta animais a bando cada mes, unha media de un diario, e iso supón un coste importante para o Concello. Sinala o sr. alcalde que é certo que de noite en ocasións se produce esa situación, porén ante unha situación de emerxencia para iso están os servizos de emergencia noutros concellos sufragados por todos, como o GES da Estrada. Opina que se pode articular con Protección Civil un servizo sustitutorio no caso de que eles non poidan



desprazarse, en circunstancias excepcionais, coma aconteceu co San Martiño, porén con carácter xeral non hai a concepción de que exista un problema de recollida.

A sra. Otero sinala que nos día de San Martiño tivo que ir á oficina agraria a recoller a documentación do San Martiño, e casualmente lle pediron que achegase a Protección Civil unha listaxe onde saían as entidades con certificación oficial para facer un curso formativo de benestar animal. Explica a sra. Otero que a disposición de Protección Civil, é boa, e haberá que ver.

O sr. Fernández di que quere que quede claro que el pon en valor o traballo de Protección Civil e eles o saben. Sinala que hai máis casos que lle comentaron, non so o día do San Martiño, estando claro que non se poden dar estas situacóns porque en definitiva é un problema de seguridade tanto para as persoas como para o animais.

4.- A sra. Diéguez sinala que no Piro, alí xusto onde está o cruce coa Hermida e Cepeda, hai tres baches e cadran xusto por onde pasan as rodas, engadindo que tratándose dunha estrada da Deputación haberá que comunicarollo a esta.

5.- Sinala a sra. Diéguez que na estrada que baixa dende os Verxeis ata Ribas, cando se asfaltou xa hai moitos anos se puxo a cuneta con medio tubo. Agora mesmo a auga arrastrou e limpou a cuneta, porén hai zonas onde se acumulou a folla e outro onde naceu vexetación e nalgunha partes está totalmente entupida, ou ben pola follas ou ben pola vexetación, engadindo que son puntos moi concretos más fáciles de limpar agora que no verán, porque a propia auga fixo a limpeza e están más claro os puntos onde hai atasco.

6.- O sr. Fernández sinala que na rúa que vai pola beira da pirotecnia, que vai dar á estrada provincial está intransitable.

O sr. Elías resposto que está orzamentado, estándose pendente do tempo.

Co permiso do sr. alcalde, Intervén a concelleira de Son de Teo, sra. Vázquez, e si que quería agradecerlle a custodia da lingua, engadindo que algo que lles preocupa. Sinala



que foron consciente do tema do San Martiño, existindo unha vontade de cumplir a ordenanza de forma rigorosa e exquisita, e xa se puxeron en contacto coa policía local, que neste caso é a responsable, pensando que neste caso foi un despiste.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.**

Os/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.**

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- Explica o sr. Guerra que na travesía de Caheiras nº 33, coincidindo coa que vai ao Piro, a rampa da beiravía está destrozada, polo que habería que mirala.

2.- Refírese o sr. Guerra á lomba en Solláns entre o 133 e o 134, e sinala que hai unha pista de 120 metros aproximadamente que está destrozada, engadindo que tamén tiña anotado a que dixo o sr. Fernández, que tamén está destrozada, así como a pista de Laxes, que parte da estrada da Deputación.

3.- Sinala o sr. Guerra que na rúa Ledín os veciños dílle que hai unha cuneta que xa pediron de poñerlle uns tubos de formigón para ensanchala un pouco.

4.- Sinala o sr. Guerra que na pista do rapeiro, cara o Santiso, nº 27, parece que cando se arranxou a estrada a empresa que estivo alí estropeou uns tubos e se quedou de repoñelos fai dous anos e aínda non se fixo.

5.- Sinala o sr. Guerra que en Monte, Cacheiras, na rúa que non ten saída, dez veciños levan seis meses sen luz, dende que comenzaron a poñer as farolas, puxérонse agora os mástiles porén faltan as farolas e están en penuria. Pregunta o sr. Guerra que se vai facer.

A sra. Lemus resposta que colocar as farolas.



O sr. Guerra pregunta se dentro de medio ano máis. Salienta que hai xente maior, que anda con bastón, en penuria, agora andan roubando nas casas, e hai que darlle solución.

A sra. Lemus sinala que por iso se lle van a poñer as farolas cando veñan.

O sr. Guerra pregunta cando vai a ser iso.

A sra. Lemus sinala que están solicitadas fai un mes e medio e hoxe lles dixerón que chegarían estes días, ou maña ou pasado.

6.- A sra. Vázquez pregunta se se mirou algo na pista de Xermeade a Olveira, porque dentro de pouco poden facer o mundial de natación.

O sr. Elías sinala que si que se mirou e que se arranxara.

7.- Sinala a sra. Vázquez que decidiron traer a moción do alumeado porque os comerciantes volveron a falar con eles, tratándose dunha demanda que fixeron varios anos. Sinala que novas xeracións lle pediron se podían preguntar se haberá luces de nadal en Teo. A sra. Vázquez sinala que ten un custo económico porén nas redes sociais os socialistas de Teo fixeron esa mesma pregunta o 17 de decembro de 2018, polo tanto pensan que xa terían iso en conta a nivel económico.



8.- A sra. Vázquez refírese á fonte de Freixeiro, engadindo que é verdade que houbo certa controversia. Sinala que xa trouxera un rogo para arranxala, que veu tamén cunha folla de rexistro onde todos veciños desa aldea asinaron o arranxo dessa fonte, unhas barrandillas e o asfalto da estrada que vai polo medio. Desgraciadamente a persoa que se puxo ao fronte xa faleceu, e a fonte segue igual, porén a sra. Lemus na campaña de 11 de maio de 2015 para ser alcaldesa en Teo, puxo esa mesma foto co texto "*hoxe andamos por Reis, aquí un exemplo de abandono das infraestruturas municipais na parroquia*", e seguen abandonadas gobernando a sra. Lemus más de catro anos.



A sra. Lemus, tratándose do alumeadoo, sinala que hai cousa dun mes e pico saíu unha nota de prensa do PP dicindo que o alumeadoo de nadal era fundamental e curiosamente uns días antes se mandou a todos os comerciantes dos que dispoñían os datos, por medio da concellería de comercio, un e-mail comunicando a posibilidade de colaborar co alumeadoo. Explica que o tema llo fixo chegar algúun comerciante de Teo e despois viñeron outros e decidiu que o lóxico era abrir esa posibilidade. Sinala a sra. Lemus que haberá un alumeadoo básico, que será un contrato menor de 15.000 euros. Reitera que será cativo e que se lle dou xa posibilidade aos comerciantes que quixeran máis alumeadoo que o colocaran. Refírese a sra. Lemus á colocación do alumeadoo por zonas.

A sra. Lemus sinala que cando se vexa o alumeadoo se lle dirá que é cativo, engadindo que persoalmente non lle gusta a “guerra do alumeadoo” que teñen algúns concellos, resultando bastante desafortunado para o que se está vivindo e non é a solución aos problemas.

Opina a sra. Lemus que neste contexto a eficiencia enerxética debe estar por enriba deste tema. Explica que nalgúns caso existen ideas de porque non se fomentaba dende o concello autobuses para ir a Vigo, que non vai a entrar a valorar.

Cree a sra. Lemus que non existe un compromiso dende o Concello co comercio máis patente, engadindo que independentemente do alumeadoo, as campañas de fomento do comercio deben ser más longas.

O sr. Guerra sinala que os veciños queren alumeadoo.

O sr. Sisto sinala que, tal e como se evidenciou nas redes sociais, este tema é un punto de discrepancia claro dentro do goberno municipal e ese acordo en todo caso vai vinculado a outros acordos vencellados a el.

A sra. Vázquez sinala que o alumeadoo non so o piden os comerciantes senón tamén outros veciños, e por parte dos comerciantes acoden a eles e querían esa pregunta no



Pleno como compromiso, porque houbo nalgúns momento que se puxeron e o pagaron eles.

Opina a sra. Vázquez que hai máis cousas para promocionar o comercio, e ningunha sobra, porque precisamente non está en auxe o pequeno comercio. Opina que as luces de nadal fronte aos comercios estimulan e favorecen que a xente se quede en TEO e non se vaia a mercar a Alfredo Brañas que estará iluminada. Sinala que os comerciantes querían ese compromiso, non so o pagado por eles, porque estes anos xa o viñan pagando.

9.- A sra. Calvo di que falou cos taxistas e corroboraron a versión da sra. Otero e pídelle que reconsiderase a reubicación da parada, porque este mesma semana case hai alí un accidente, lembrando que xusto queren a ubicación de enfrente.

A sra. Otero explica que de todas as propostas que fixeron esa é a que ten que valorar coas cuestión técnicas que haxa.

A sra. Calvo di que lle insisten en que se mire o teléfono porque ven a xente chamando, comprobaron, e parece que incluso se pode chamar ao estranxeiro.

10.- A sra. Rosende di que os veciños de Oza queren saber que pasou co cruceiro que fai anos se caeu nun temporal, desapareceu de alí e está so a base. Piden que se lle volva a colocar e queren saber onde está.

O sr. alcalde sinala que está na nave de protección civil, preservado. Aclara que a restitución está pendente que de que patrimonio autorice a restauración dunha empresa á que se lle plantexou. O sr. alcalde di que se insistira e en canto se teña a autorización se executará.

11.- A sra. Rosende sinala que na pista que hai na aldea de Sisto, que baixa ás Cruces, parece que vas nunha atracción. Explica que foi metido por rexistro por unha veciña fai unha semanas e quería saber se se vai a arranxar, engadindo que está nun estado moi lamentable.



CONCELLO  
DE TEO  
Secretaría Xeral

A sra. Lemus di que se mirará.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e cincuenta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

  
CONCELLO DE TEO  
Alcaldía  
Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

  
CONCELLO DE TEO  
Secretaría  
Virginia Fraga Díaz